



CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON RETRIBUÍDAS DOS ESTUDIANTES DE XERONTOLOXÍA DA ESCOLA SUPERIOR DE SAÚDE DE BRAGANÇA (PORTUGAL).



En Vigo, a 15 de febreiro de 2012.

REUNIDOS

Por unha parte, Don João Alberto Sobrinho Teixeira, encalidade de Presidente do Instituto Politécnico de Bragança (Portugal) con domicilio en Campus Santa Apolónia-5300-253 BRAGANÇA.



Por outra parte, Don Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, presidente da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFAGA), con domicilio en Martínez Garrido 21, Interior, 36205, Vigo.

Ambas partes acordan a sinatura do presente conveniocoas seguintes

CLÁUSULAS

1. OBXECTO.

Subscribir o seguinte acordo de colaboración para a realización das prácticas non retribuídas dos/as alumnos/as de Xerontoloxía da Escola Superior de Saúde de Bragançado Instituto Politécnico de Bragançaa partir do curso 2011-2012 na Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer (AFAGA).

2. OBRIGAS DO INSTITUTO POLITÉCNICO DE BRAGANÇA.

A escola comprométese ó establecido no Anexo, así como ó cumprimento das seguintes obrigas:

- 2.1 Remitir unha relación nominal dos alumnos seleccionados que incluírá o nome, apelidos e DNI.
- 2.2 Garantir que a realización das prácticas non van a interferir no funcionamento normal do servizo e a proporcionar ós alumnos o uniforme axeitado, tendo en conta a actividade a desenvolver.
- 2.3 Cada alumno en prácticas deberá acudir ó centro con identificación e será seguido por un titor designado pola Escola, encargado de programar, coordinar, supervisar e avaliar o desenvolvemento das prácticas. En definitiva, o titor terá encomendadas tarefas de dirección e asesoramento durante o período de estancia no centro.
- 2.4 As actividades realizaranse baixo a organización, control e dependencia do presidente do centro e o persoal no que delegue.

3. OBRIGAS DO CENTRO NO QUE SE REALICEN AS PRÁCTICAS.

AFAGA comprométese a facilitar a realización das prácticas ó alumnado da Escola.

4. OBRIGAS DOS ALUMNOS EN PRÁCTICAS.

Os/as alumnos/as en prácticas comprométese ó establecido no Anexo así como o cumprimento das seguintes obrigas:

- Respetar en todo intre as normas da entidade.
- Cumprir o horario fixado polo programa de prácticas.

5. DATAS E DURACIÓN DAS PRÁCTICAS.

O período de prácticas extenderase ó longo do curso escolar e estará sempre suxeito a organización de AFAGA.

6. HORARIO DAS PRÁCTICAS.

As prácticas realizaranse de luns a venres en horario de mañá ou de tarde segundo a organización das actividades do centro.

7. SUSPENSIÓN DAS PRÁCTICAS.

A realización das prácticas non poderá interferir no funcionamento do servizo, estando a dirección facultada en calquer intre a suspender o exercicio das prácticas se asa circunstancias o requirisen.

8. SEGURO DE ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL DO ALUMNO EN PRÁCTICAS.

O alumnado en prácticas estará cuberto co correspondente seguro de accidentes e responsabilidade civil polos danos que podan orixinarse a si mesmo ou a terceiros durante a realización das prácticas.

A Escola Superior de Saúde de Bragança acreditará o pagamento da póliza para todo o período de duración das prácticas.

9. DURACIÓN DO CONVENIO.

O presente convenio terá unha duración cíclica, na que a Escola de Saúde de Bragança procederá a selección e formalización dun novo candidato.

10. EXTINCIÓN.

As causas de resolución Do Convenio son:

- Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Imposibilidade de dar cumprimento ó seu obxecto.
- Incumprimento grave por calquera das partes das obrigas previstas nel.

E para que así conste en proba de conformidade, as dúas partes asinan este Convenio por duplicado e a un único efecto, no lugar e datas indicados.



Prof. Doutor João Alberto Sobrinho Teixeira

Presidente do Instituto Politécnica de Bragança



Juan Carlos Rodríguez Bernárdez

Presidente de AFAGA